

# Adaptación da programación didáctica

Curso 2019/2020. Materia de libre configuración: Iniciación Lingua Francesa

Mestre/a: Raquel Martínez García

Curso: 6º E.P.

Data: 7 de maio do 2020

C.E.I.P. Manuel Masdías

## Índice

Área: Iniciación Lingua Francesa.....	2
1. Estándares de aprendizaxe imprescindibles, ponderación dos mesmos e instrumentos de avaliación.....	2
2. Cualificación final de curso.....	4
3. Actividades, metodoloxía e recursos didácticos.....	4
4. Información e publicidade .....	5

## Área: Iniciación Lingua Francesa.

### 1. Estándares de aprendizaxe imprescindibles, ponderación dos mesmos e instrumentos de avaliación.

Estándar de aprendizaxe	Instrumento de avaliación	Ponderación (%)
B 1.4. Comprende oralmente mensaxes e anuncios, información moi sinxela (números, cores, a escola, descrições de persoas, saúdos, datas, tempo) de maneira clara, lenta e sen distorsións.	Revisión de documentos entregados polo alumnado	15%
B 1.6. Asocia a grafía, pronunciación e o significado a partir de expresións orais.	Revisión de documentos entregados polo alumnado	10%
B 2.5. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas sobre temas cotiás (descrições de persoas), aínda que a pronunciación non sexa moi clara.	Revisión de documentos entregados polo alumnado	15%
B 2.9. Emprega estruturas sintácticas básicas nas presentacións orais breves e sinxelas.	Revisión de documentos entregados polo alumnado	10%
B 3.1. Emprega as imaxes para comprender frases sinxelas, en soporte papel ou dixital, sobre temas familiares.	Revisión de documentos entregados polo alumnado	5%

B 3.5. Recoñece os significados máis comúns asociados as estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita (expresión de tempos en presente, artigos, <i>présentatifs</i> ).	Revisión de documentos entregados polo alumnado	10%
B 3.6. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) que traten sobre temas familiares (un mesmo, a escola, as cores, os números, a descrición dunha persoa, a data ou lugar dunha cita).	Revisión de documentos entregados polo alumnado	10%
B 4.1. Completa un breve formulario ou ficha cos seus datos persoais en papel ou soporte dixital.	Revisión de documentos entregados polo alumnado	10%
B 4.2. Escribe palabras e frases moi sinxelas, seguindo modelos, empregando o léxico aprendido, podendo utilizar as tecnoloxías da información e comunicación.	Revisión de documentos entregados polo alumnado	15%
		<b>Total: 100%</b>

## 2. Cualificación final de curso

Para o cálculo da nota da avaliación final levaranse a cabo dous procesos. Por unha parte, farase a media aritmética das dúas avaliacións. Por outro lado, avaliaranse as tarefas de reforzo e recuperación realizadas neste terceiro trimestre. Entre as dúas calcificacións obtidas escollerase a mellor para o alumnado e esa será a súa nota final. A cualificación da terceira avaliación non constará no boletín, pero será a mesma nota que corresponde a avaliación final.

## 3. Actividades, metodoloxía e recursos didácticos

<b>Actividades</b>	Actividades de repaso e reforzo das aprendizaxes anteriores.
<b>Metodoloxía</b>	<p>A metodoloxía que se emprega é de e-learning a través da plataforma de Edixgal. Aquí o alumnado ten a súa disposición os contidos, vídeos explicativos e tarefas. Ademais, se dispón dun seguimento permanente a través dos foros e da comunicación continuada coa titora.</p> <p>As actividades serán, a maior parte, de carácter lúdico, recorrendo ao xogo e materiais interactivos para repasar os contidos e as distintas competencias lingüísticas traballadas nos primeiros trimestres.</p> <p>Naqueles casos onde o alumnado ten máis dificultades, os materiais axustaranse as súas necesidades.</p> <p>Finalmente, indicar que aqueles que non presentan dispoñibilidade de internet, recibirán as tarefas adaptadas en formato impreso, e estará en contacto telefónico para calquera dúbida ou corrección do traballo.</p>

<b>Recursos didácticos</b>	<p><u>Recursos materiais e didácticos</u>: Ordenador, Whatsapp, Edixgal, xogos interactivos (Genially, Educaplay, Kahoot, Bamboozle...), materiais audiovisuais (vídeos, canción, audios, imaxes, diapositivas...).</p> <p><u>Recursos Humanos</u>: titora, familias, especialistas e equipo directivo.</p> <p><u>Espaciais e temporais</u>: Os diferentes lugares do seu fogar. Tempos flexibles para realizar as tarefas, entre unha ou dúas semanas.</p>
----------------------------	---

#### 4. Información e publicidade

<b>Información o alumnado e as familias</b>	<p>Cada luns, as tarefas e novos materiais son comunicados a través da titora e tamén na plataforma Edixgal. Na propia materia está habilitado un foro para estar en contacto, así como o meu número persoal para o envío dalgunha dúbida ou traballo.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria das novas na páxina Web do centro.</p>